

SÍNDROME DE ÁSPERGER


Táboa de contidos

SÍNDROME DE ÁSPERGER	1
1.DEFINICIÓN	3
2.ÁREAS AFECTADAS	3
A.Dificultade na área de comunicación e da linguaxe	3
Linguaxe:	3
Comunicación:	3
B.Dificultades nas relacións sociais e reciprocidade	3
C.Inflexibilidade mental e comportamental	3
3.TEORÍAS EXPLICATIVAS DO TRASTORNO	4
A.Teoría de la coherencia central	4
B.Teoría da función executiva	4
C.Déficit da teoría da mente	5
4.PAUTAS XERAIS DE CARA Ó PLAN DE INTERVENCIÓN ESCOLAR.	5
A.Traballo autónomo (sen a supervisión do adulto: exames, deberes...)	5
B.Deberes e traballo	5
C.Traballos en grupo	6
D.Adquisición de contidos	6
E.Exames	6
¿Que facer?	7
F.Atención	7
G.Linguaxe	8
¿que facer?	8
H.Coordinación motora	8
¿que facer?	8
5.HIPERSENSIBILIDADE SENSORIAL	8
6.ESTEREOTIPIAS	9

1. DEFINICIÓN

Trastorno xeneralizado do desenvolvemento crónico e severo que implica alteración no ámbito social e comunicativo e intereses restrinxidos e estereotipados por causa da súa rigidez mental e comportamental. Non vai asociado a atraso mental nin atraso grave da conduta.

Inclúese dentro dos Trastorno de Espectro Autista ¹([TEA](#)).



2. ÁREAS AFECTADAS

A. Dificultade na área de comunicación e da linguaxe

Linguaxe:

-Problemas ca linguaxe pragmática, referidos á regulación social da mesma. Teñen unha linguaxe correcta e vocabulario rico que lles custa adaptar ó contexto social no que se atopan.

-Problemas na linguaxe metafórica: non entenden as ironías, refráns, dobles sentidos..)

-Alteracións na entoación, que non vai acorde á carga emocional da mensaxe.

-Problemas para regular o volume de voz e adaptalo ó contexto.

Comunicación:

-Dificultades nas habilidades relacionadas coa conversacións en xeral (no inicio, mantemento e terminación adecuadas da mesma).

1 Asociación galega de familias de persoas afectadas pola síndrome de Ásperger <http://www.asperga.org>

B. Dificultades nas relacións sociais e reciprocidade

- Problemas de empatía, de facerse unha representación interna dos estados mentais dos outros.
- Pensamento ríxido e literal: non comprenden o mundo social establecido con normas e regras.
- Non saben interpretar as sinais non verbais do que é adecuado ou daquilo que se espera deles.
- A Xornada escolar supón moito estrés para eles.

C. Inflexibilidade mental e comportamental.

- Problemas para xerar alternativas diferentes de maneira espontánea. Debido a isto, prefiren rutinas e ambientes predecibles que lle aporten seguridade e tranquilidade.
- Escasa imaxinación e creatividade en canto a xogos (prefiren xogo mecánico).
- Teñen un tema de interese inusual en contido e intensidade.

Aparte destas tres grandes áreas afectadas, tamén cabe sinalar as enormes alteracións na área motriz grossa (forma de andar, torpeza motriz xeneralizada, coordinación) e fina (atarse zapatos, escritura...)

3. TEORÍAS EXPLICATIVAS DO TRASTORNO

A. Teoría de la coherencia central

Esta función de coherencia social permítenos entender o noso mundo social, manexando distintas fontes de información (xestos, tons de voz, espazos..) de maneira inconsciente e simultánea. Deste xeito podemos entender o contexto social onde nos movemos e actuar adecuadamente (por exemplo, se entro nunha aula , por despiste, onde hai un exame, sei que non podo pasar nin poñerme a falar. Unha persoa con Asperger non entendería o que supón esa situación de realización de exame). Non posúen a coherencia central necesaria para entendela, o que aplicado a outros eidos aparte do social, nos indica detalles como:

- Problemas para dar un sentido global e contextualizado á información, extraer ideas, sintetizar.
- Fixación polos detalles.
- Comportamentos e comentarios fora de lugar.
- Rixidez cognitiva.
- Comprensión literal da linguaxe, non entendendo o dobre sentido, as ironías.. e non saíndo do que está estritamente escrito ou do que se lle di literalmente.

B. Teoría da función executiva

Esta función permítenos fixarnos unha meta, establecer os pasos e os axustes necesarios para lograla. Refírese á planificación e organización, por tanto. Implicaría ademais autoavaliación do proceso, extraer unha aprendizaxe do mesmo e conclusións.

As persoas con Asperger pérdense en todos estes pasos, sendo característico:

- Dificultades en organizar e secuenciar os pasos para a resolución de problemas.
- Dificultades para comezar e finalizar unha actividade.
- Limitacións na toma de decisións.
- Carencia de flexibilidade para adoptar distintas perspectivas.-
- Facilidade na distracción.
- Mala xestión do tempo (por exemplo para os exames).
- Linguaxe literal e repetitiva.
- Rutinas e rituais.
- Intereses limitados.
- Atención dividida, inconsistente. Calquera estímulo lles distrae. Da a impresión de ser unha persoa dispersa e vaga
- Memoria mecánica e para o detalle.
- Dificultades para aprender dos erros.

Todos estes problemas lles supón un esforzo cognitivo enorme, que fai que se perdan e se agoten.

C. Déficit da teoría da mente.

Por teoría da mente entendemos o concepto de empatía. As persoas con Asperger teñen unha intelixencia impersoal intacta, non saben “ler” a mente dos outros. Como consecuencia desta limitación temos dificultades para:

- predicir condutas doutros.
- Darse conta das intencións e razóns das condutas doutros.
- Entender emocións propias e alleas.
- Anticipar como as súas condutas e pensamentos poden afectar ós demais.
- Mentir e entender enganos.
- Entender as convencións sociais establecidas (normas, respecto das quendas de palabra, mirar ós ollos...)
- Presentan estado de ansiedade por non comprender o mundo social .
- Cústalles entender e vivenciar o concepto de vergoña.

4. PAUTAS XERAIS DE CARA Ó PLAN DE INTERVENCIÓN ESCOLAR.

A. Traballo autónomo (sen a supervisión do adulto: exames, deberes...)

Hai que ter en conta as dificultades de planificación e organización , para conseguir unha meta, como poden ser os exercicios de clase, onde vai a ter problemas para por en práctica os pasos para conseguir facilos, dificultades de atención,distracción ...

Neste caso, para axudarlle podemos empregar:

-Uso dunha guía que pode consultar para saber o que ten que facer, onde a tarefa apa-reza estruturada paso a paso, se organice visualmente o tempo de traballo.

-Axenda, onde se anote por parte do adulto todo o que ten que facer, e que sirva de trasvase de información ca familia.

B. Deberes e traballo

De novo as dificultades son de organización e planificación básica. De aí a importancia da axenda que o profesor ten que controlar. El non atende ás ordes colectivas, non é ca-paz. Ademais o ruído ambiental aféctalle moito (por exemplo se o profesor da a orde de anotar na axenda os deberes e hai ruído de fondo, el non se da por aludido.

O seu pensamento ríxido, impídenlle ter a capacidade de atención dividida (por exem-plo prestar atención ó profesor se o timbre tocou. Se toca o timbre de saída, automatica-mente deixa de escoitar ó profesor.

Precisan constantemente a supervisión do adulto que os dirixa. Frústranse facilmente e a súa autoestima está afectada.

Teñen moitísimas dificultades de escritura (para eles é un tormento).

¿Que facer?

-Uso da axenda

-Reducir a carga de escritura. Evitaremos que se bloqueen, senón lle obrigamos conti-nuamente a copiar enunciados. Empregar outras técnicas, por exemplo exames orais ou tipo test.

-Reducir a carga de deberes. Priorizar e sinalar as tarefas imprescindibles.

En canto a traballos:

-Flexibilizar as datas e formatos de entrega (polas dificultades coa grafía).

-Dividir o traballo en pasos máis pequenos.

-Supervisar cada paso.

C. Traballos en grupo

Nos traballos en grupo, os problemas multiplícanse, debido a que engadimos á planifi-cación e organización, os problemas de relación cos compañeiros, xa que carecen de ha-bilidades para o traballo conxunto como debater, respectar quendas, cambiar punto de vista, chegar a acordos comúns, escoitar as ideas dos outros... Isto supónlle problemas de relación social.

¿Que facer?

- Formar nos os grupos, procurando por exemplo que coincida con alumnos empáticos, tranquilos..
- Traballar individualmente as normas non explícitas e o funcionamento dun traballo en grupo (polo por escrito para que o visualice e consulte).
- Estar atentos á evolución do grupo.

D. Adquisición de contidos

O seu rendemento é moi irregular e está moi condicionado pola motivación. O seu rendemento cognitivo dentro e fora da súa área de interese (na cal ten unhas capacidades impresionantes), experimenta grandes diferencias. Cando manexan contidos da súa área de interese, a súa linguaxe é estruturada, mantén a atención durante máis tempo, asimilan a información facilmente e incluso manteñen contacto visual cando falan. Estas diferencias son moi desconcertantes senón coñecemos o perfil do trastorno.

Prestar atención ó profesor e tomar apuntes (que implica sintetizar) é imposible para estes alumnos, que teñen problemas na atención dividida.

Debido ós problemas de coherencia central, teñen problemas para dar un sentido global ós contidos e extraer ideas xerais ou sintetizar.

¿Que facer?

- Empregar mapas conceptuais para organizar a información, que será presentado ó inicio do tema en plan guía.
- Facer explícita a relación entre contidos, asegurándonos que relacionen conceptos , fagan inferencias. Aínda que un contido pareza moi claro, para el vai a ter dificultades.
- Utilizar o seu tema de interese na medida do posible.

E. Exames

Os exames, por ser escritos , constitúen un gran obstáculo no seu progreso académico. Algunhas das dificultades á hora da realización do exame son_

- Problemas de comprensión lectora (entender o enunciado e saber o que pide), xa que soe ser literal e ten problemas coas inferencias.
- Planificar e organizar a resposta. Se hai máis dunha orde no enunciado, non o van a entender.
- Expresión escrita se se trata dunha pregunta de desenvolvemento. A súa linguaxe é desestruturada, con dificultade para enlazar de maneira lóxica e secuenciada as ideas.
- Elaborar e sintetizar contidos. Resúltalles moi complexo extraer ideas principais e relacionar conceptos dun contido. Bloquéanse.
- Atender e concentrarse na tarefa.
- Habilidades psicomotrices para a escritura.
- Toma de decisións e iniciativa para resolver dificultades no exame escrito. Por exemplo, debido á rixidez cognitiva, non saben facerlle fronte a problemas que poden xurdir durante o exame (non comprender ben o enunciado, perder o boli, terminar os folios ...)
- Non saben administrar o tempo.

-Niveis de ansiedade moi elevados.

¿Que facer?

- Adaptar os instrumentos de avaliación (tipo de exame)
- Ordes sinxelas e claras en cada enunciado, (no caso de facer probas escritas), por unha orde por cada enunciado (por exemplo, se o exercicio é de enumerar e clasificar, para el que sexa só de enumerar. Podemos por outro a continuación que sexa só de clasificar)
- Preguntas tipo test ou cortas.
- Emprego de probas orais ou usando o ordenador.
- Flexibilización de tempos (contando co profesor de apoio, por exemplo)
- Revisarlle o exame ó entregar por se deixou algo en branco (que puido ser por non entender o enunciado por ser moi complexo para el)
- Coidar o deseño do exame e as preguntas, asegurándonos de que cada pregunta avallía de forma clara o que queremos e non habilidades secundarias, que moitas veces impídenlle demostrar o dominio do contido.
- Revisar posteriormente o exame para analizar os erros. Non é suficiente con entregarlle a proba sen máis.
- Ensinarlle explícitamente como se fai unha pregunta de desenvolvemento, dándolle un guión.
- Valorar a posibilidade de facer os exames co profesor de apoio.
- Anticipar e explicitar cales son os criterios para aprobar ou suspender.

F. Atención

Problemas para inhibir os estímulos que non son relevantes.
Calquera cousa do entorno lles chama a atención coa mesma intensidade.
Distracción moi fácil.
Problemas para manter a atención máis de 20 minutos.
Todo isto cambia cando se trata do tema do seu interese.

¿Que facer?

- Sentalos o mais cerca do profesor e da pizarra
- Secuenciar o traballo en tarefas cortas.
- Realizar chamadas de atención como por exemplo focalizar a atención con pequenos xestos pactados con el (un toque na mesa, unha palabra.)
- Esperar que cumpra unha orde ou tarefa antes de dar outra.
- Alternar o tempo de traballo con actividades motivadoras que sirvan de reforzo. (por exemplo ler o seu libro preferido 5 minutos)

G. Linguaxe

Neste caso os problemas non son de pronunciación ou escasa intención comu-

nicativa, senón que radica no uso social da mesma. O seu ton de voz (monótono

e lineal) e entoación non acompaña á mensaxe.

A entoación e carga emocional que outra persoa poda incorporar á mensaxe, é unha información inútil para un Asperger. Non o percibe.

En canto á expresión, a estruturación que fan do discurso é caótica. Tamén teñen dificultades na comprensión das mensaxes orais. A memoria auditiva é escasa e por tanto ten problemas á hora de reter a información.

¿que facer?

-Emprego de frases curtas e sinxelas

para dirixirnos a eles.

-Dicir claramente o que queremos: por exemplo se queremos que anote os deberes na axenda non empregar frases como: “onde está a túa axenda?” “¿non ves que senón apuntas os deberes, vaste esquecer?... O que hai que dicir é: “Apunta os exercicios 2 e 4 da páxina 14 “

-Emprego de apoios visuais (mapas conceptuais, esquemas): moi importante, tendo en conta que procesan con dificultade a información auditiva. A visual sí lles da seguridade e retéñena máis facilmente. Estes apoios empregaranse tanto para axudarlle na expresión como na comprensión.

H. Coordinación motora

Dificultades na motricidade, percepción e orientación espacial.

Terán problemas na presentación dos traballos e na limpeza dos mesmos, en tarefas manuais (recortar, pegar, colorear..), na aprendizaxe de instrumentos musicais. Neste último caso, aparte da hipersensibilidade auditiva, tamén hai que engadir problemas de coordinación manual no manexo do instrumento.

Na motricidade grosa, os impedimentos vanse a dar sobre todo en Educación física porque soen ser moi torpes, desoriéntanse..

¿que facer?

-Entender e aceptar as súas limitacións psicomotoras: é igual de descabellado pedirlle a un alumno con Asperger que faga ben a letra, traballos manuais que colla unha pelota ó voo (tarefa esta última imposible, porque non anticipan o percorrida da pelota).

-Reducir a carga de tarefas de motricidade fina (toma de autes...)

-Uso de ordenadores, novas tecnoloxías para a escritura e entrega de traballos.

5. HIPERSENSIBILIDADE SENSORIAL

é unha característica moi común, sendo máis común a auditiva. O ruído percíbena amplificado (coidado co bullicio xeneralizado, , sons fortes e estridentes. No centro escolar isto sucede sobre todo no cambio de clase, o timbre en sí mesmo. A mesma clase de música lles pode resultar molesta.

A hipersensibilidade visual fai referencia á molestia de luces, reflexos.

En canto ó tacto, son sensibles ante determinadas texturas, tecidos. A veces o contacto físico cercano con persoas que non son do entorno inmediato, lles molestan.

Tamén hai anomalías na percepción da dor, que pode ser hipo ou hiper sensibilidade ó

mesmo. Algo parecido sucede ca sensación térmica. Non son moi conscientes do frío-calor.

6. ESTEREOTIPIAS

Son repeticións inmotivadas e persistentes de palabras, xestos ou tics de forma inconsciente e automática. As máis frecuentes son aleteos de mans ou movementos cos dedos. A veces tamén unha mirada lateral, andar de puntillas, dar pequenos saltos... Teñen unha funcionalidade e é que lle permiten aliviar a súa excitación ben sexa por unha alegría ou ansiedade. Por iso o obxectivo non é eliminala porque crearíamos maior ansiedade, senón de intentar reducilas por mor da influencia no grupo de iguais.